

*Decreto 167/2007, do 20 de setembro, polo que se nomea delegado provincial da Coruña a José Manuel Mouriz Cabalo.*

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte de setembro de dous mil sete,

**DISPOÑO:**

Nomear delegado provincial da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a José Manuel Mouriz Cabalo.

Santiago de Compostela, vinte de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

**CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

*Corrección de erros.-Resolución do 3 de setembro de 2007, da Presidencia do Consello Consultivo de Galicia, pola que se fai pública a incorporación de don Gerardo Fernández Albor como conselleiro nato deste órgano.*

Advertidos erros no texto da citada resolución, publicada no DOG nº 176, do martes 11 de setembro de 2007, cómpre a súa corrección nos seguintes termos:

-No encabezamento, onde di: «... da Presidencia do Consultivo de Galicia...», debe dicir: «... da Presidencia do Consello Consultivo de Galicia...».

-No pé de sinatura, onde di: «P.S. (Artigo 10.2º, Lei 9/1995), Pablo Moure Mariño, Vogal do Consello Consultivo de Galicia», debe dicir: «Pablo Moure Mariño, P.S. (Artigo 10.2º, Lei 9/1995) Presidente do Consello Consultivo de Galicia».

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*Decreto 168/2007, do 30 de agosto, polo que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio para o Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín.*

A necesidade de darlle unha resposta eficaz ao servizo de prevención e extinción de incendios na Comu-

nidade Autónoma de Galicia fai necesaria unha organización común e axeitada deste servizo en todo o territorio galego con este fin, a Xunta de Galicia levou a cabo, no seu día, o Plan galego de dotación de parques contra incendios urbanos baseado en criterios de racionalidade técnica e económica que permitiría dotar a comunidade autónoma dun servizo integrado de prevención e extinción de incendios e que, xunto coa restante normativa de aplicación, garante a prestación do devandito servizo en condicións aceptables en toda Galicia.

O Consorcio para o Servizo contra Incendios e de Salvamento da Comarca de Verín foi constituído mediante Decreto 288/2000, do 16 de novembro, e participan nel a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e os concellos desa comarca.

Con data 3 de xullo de 2006, o Pleno do Consorcio acorda iniciar o procedemento de modificación dos seus estatutos. A reforma afecta os artigos 9 e 14 dos estatutos polos que se rexen, que regulan o Pleno e a figura do xerente, respectivamente.

O procedemento de modificación dos consorcios, está regulado nos artigos 151.2º e 143 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. En cumprimento do disposto nos citados preceptos, o presidente do Consorcio para o Servizo contra Incendios e de Salvamento da Comarca de Verín remitiulle á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a documentación relativa a súa modificación.

Examinada a dita documentación, considérase que a tramitación da modificación estatutaria seguiu o procedemento legalmente previsto para tal fin.

En síntese, para a adopción do acordo de modificación deste consorcio observouse a seguinte tramitación:

-O Pleno do Consorcio acorda iniciar o procedemento de modificación dos seus estatutos, na súa sesión do 3 de xullo de 2007.

-O referido acordo someteuse a información pública polo prazo dun mes, mediante edicto publicado no BOP de Ourense núm. 181, do 8 de agosto de 2006, e simultaneamente remitiúselle á Deputación Provincial de Ourense e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o seu informe durante o prazo dun mes.

-O Pleno de cada unha das entidades locais integrantes do consorcio aprobaron, por maioría absoluta do seu número legal de membros, a modificación dos estatutos do Consorcio para o Servizo contra Incendios e de Salvamento da Comarca de Verín.

-O presidente do Consorcio remitiulle á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza unha copia certificada dos acordos de modificación dos estatutos do devandito consorcio.